

COLUMBUS

[Kogonada, 2017]

320

ESTREA EN NUMAX: 22.12.2017 | V.O.S.E. | +7

Columbus (2017, 104')

Dirección: Kogonada

Guión: Kogonada

Elenco: John Cho, Haley Lu Richardson, Parker Posey, Michelle Forbes, Rory Culkin, Jim Dougherty

Son: Mac Smith

Montaxe: Kogonada

Fotografía: Elisha Christian

Vestuario: Emily Moran

Dirección de arte: Adriaan Harsta

Música: Hammock

Produtoras: Depth of Field, Nonetheless Productions, Superlative Films (Estados Unidos)

Distribuidora: Versus

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés, coreano

PREMIOS E FESTIVAIS

Rotterdam 2017 (Sección oficial), Mar del Plata 2017 (Sección oficial), Spirit Awards 2017 (Nomeado a mellor debut, fotografía e guión novel), Gotham 2017 (Nomeado a mellor director novel, guión e actriz e premio do público), Rahway 2017 (Mellor fotografía), Valetta 2017 (Mellor longametraxe e actriz —Haley Lu Richardson—)

SINOPSE

Un home atópase atrapado en Columbus, Indiana, onde seu padre arquitecto está en coma. O home coñece a unha moza que quere ficar en Columbus coa súa nai, unha adicta que se está recuperando, en lugar de perseguir os seus soños.

«Discretamente maxistral. Un novo director que combina o humanismo a pequena escala ao Ozu cun dominio impresionante das posibilidades formalistas do cinema»

Boyd van Hoeij,
THE HOLLYWOOD REPORTER



“O cinema de Ozu marcouno profundamente”

Entrevista con Kogonada
Por Frank Guan

Creo que non me equivoco se digo que es máis vello cá maioría dos cineastas debutantes. Tiveches un tempo extra para desenvolver a túa expresión artística. Cres que iso se percibe no filme? Tiven unha chea de tempo para pensar sobre o tipo de filme que quería facer, se algunha vez xurdía a oportunidade. Coido que foi unha aproximación desde diferentes perspectivas, incluíndo un período académico no que pescudei sobre cuestións estéticas no cinema. Pero mesmo cando pensaba nestas cuestións desde o punto de vista académico sempre matinei en como poñer en práctica todas esas ideas estéticas nun filme. Así que comecei a realizar ensaios visuais para irme achegando a esa posibilidade. Fixen tamén curtas documentais e outro tipo de expresións creativas. Algo se estaba a xestar dentro de min e nun momento dado xurdiu a oportunidade de levalo á práctica.

Semella que a obra de Yasujiro Ozu é importante para ti. Como chegaches a ela? Aínda tardei pois a obra de Ozu non era accesíbel na miña xuventude nos Estados Unidos. Eu recordo toda a vida estar a ver filmes pois meus pais, inmigrantes coreanos

de clase traballadora, foron grandes cinéfilos. Mais chegou un momento no que decidín ver filmes diferentes, pola miña conta. Lembro ver *Os 400 golpes* (François Truffaut, 1959), e ler *El estilo trascendental en el cine*, o libro de Paul Schrader. Estaba realmente fascinado por el. Daquela chegou ás miñas mans *Buenos días* (Yasujiro Ozu, 1958), o primeiro filme de Ozu que puíden ver, que me marcou profundamente. O filme permaneceu impreso na miña memoria durante moito tempo. Creo que o feito de ter nacido nunha familia asiática fai que a súa obra resoe máis en min.

No filme hai un romance, pero é moi casto. Hai un tratamento moi específico da masculinidade asiática e a sexualidade. O que está claro para min é que el ten probabelmente o seu desexo sexual vivo, mais non sente necesariamente a obriga de consumalo. Hai moitas tensións nel. Coido que sucede acotío, cando establece unha conexión intelectual coa persoa do sexo oposto faise presente unha intención ou posibilidade. Desde logo está presente por ambas partes no filme, mais creo que a súa conexión é máis profunda, hai algo máis, e ademais estanse protexendo entre si.

Como foi traballar con John Cho? Coñecíalo de antes? Non antes de falar para o filme. Había unha razón para contactar con el e é que John traballa acotío na industria, algo que é difícil para un asiático-americano. Ten xa unha ampla carreira ás súas costas pois é moi profesional, traballador e sensíbel. A xente que traballa con el

repite. Ademais ama a actuación, vén do teatro, en Berkeley, mais os papeis que ten interpretado son limitados, non se chega a apreciar a súa valía. Cando o vemos actuar calado e comprobamos o que é quen de facer sen unha soa liña de diálogo, simplemente movéndose polo espazo, vemos a súa envergadura.

En que momento decides introducir unha crítica social e de clase no filme?

Coido que sempre estivo aí. A cuestión da arquitectura e da arte en xeral, é unha cuestión de clase tamén. Procede da experiencia dun inmigrante de clase traballadora. O certo é que tamén me vén de familia pois o meu avó, en Corea, foi una gran calígrafo. Pero no caso de meus pais nunca me levaron a museos nin nada parecido, co que foi unha descuberta que tiven que facer por min propio. Voltando ao filme, cando comecei a pesquisa decidín axiña que o personaxe de Casey ía ser de clase traballadora, e descubrí que en Columbus a metanfetamina era un grave problema. Tamén tiña claro o que quería evitar, pois creo que no cinema dáse ás veces unha estetización da pobreza e a drogadicción. Non quería caer en nada diso.

O deseño de interiores é fabuloso. A escena de apertura é na Miller House, que adoitaba ser unha casa residencial mais arestora é case un museo. Alexander Girard, é un dos máis famosos deseñadores modernistas. Para un filme pequeno coma o noso é unha vantaxe gravar nese espazo tan marabiloso.

Publicado en www.vulture.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El estilo trascendental en el cine: Ozu, Bresson y Dreyer, Paul Schrader. Ediciones JC, 2009

Los 400 golpes, François Truffaut
Avalon [BluRay]

4 largometrajes en color, Yasujiro Ozu
A Contracorriente films [DVD]

6 largometrajes en blanco y negro, Yasujiro Ozu. A Contracorriente films [DVD]

Buenos días, Yasujiro Ozu
A Contracorriente films [DVD]

La poética de lo cotidiano, Yasujiro Ozu
Gallo Negro, 2017

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónatete
e ven sempre
por 4,5€

Faite
NUMAX!